

PREVENCIÓN = SAÚDE



Boletín para nais e pais

A prevención na casa
a mellor axuda

Boletín da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte
Equipo de Prevención



Os increíbles beneficios de ler en voz alta para os nenos

Ler en voz alta é un dos mellores plans que podes levar a cabo cos teus fillos. «Esta actividade axuda aos menores para mellorar a memoria, a concentración, a observación, escóita, estimula a imaxinación, o pensamento crítico, aumenta o vocabulario... e axuda na creación de vínculos familiares, entre outras moitas cousas».

Se pais e fillos len en voz alta logran uns beneficiosos maiores do que poida parecer a primeira vista.

«Unha das cousas que che achega esta práctica é a toma de conciencia do que estás a ler».



Cando un neno le en voz alta, está a estimular á vez a canle auditivo, o que converte a esta práctica nunha estimulación multisensorial. A entoación, a pronuncia, o ton... permite aos menores darlle un significado a ese texto escrito, axudándolles tamén a entender redaccións máis complexas.

A concentración, a observación ou a escoita, póñense en marcha cando o menor ten que estar a seguir o que está a ler o outro para saber cando lle toca a un ou a outro. Iso é poñer en común e é o que permite xerar vínculos coas persoas coas que estás a compartir ese momento de lectura.

É verdade que pode ser entre pai/nai e fillo/a, pero pode ser tamén entre compañeiros de clase... A recomendación neste sentido é que un lea, por exemplo, unha páxina dun conto, e outro outra... Iso fai que se converta nunha actividade compartida que permite descubrir xuntos e xera lazos afectivos.



Que mellor exemplo, que un pai/nai que le co seu fillo/a e móstralle cando se para na coma, como entoar, cando hai que facer unha exclamación... Pero sempre tendo en conta que sexa un momento agradable e lúdico, onde o neno senta que a súa nai ou o seu pai están a facerlle caso e por un intre esquecen o teléfono. Todo isto é moi bo para fomentar o hábito da lectura, o amor polos libros e os bos recordos.

Actividades para fomentar a lectura nos teus fillos

Relacionar imaxes con palabras, cantar ou falar sobre os libros que se len, son algunhas das actividades que melloran a capacidade lectora dos máis pequeno.

O hábito de ler débesse potenciar na infancia.

A pesar de que as familias coñecen os beneficios que achega a lectura aos máis pequenos da casa como dicimos anteriormente, por exemplo, potencia o seu rendemento académico, estimula o seu razoamento ou favorece a súa concentración; aínda son moitos os que descoñecen como fomentar nos nenos o interese pola lectura.



Estas son algunhas actividades para crear o hábito lector desde idades temperás e mellorar a súa comprensión lectora:

1. Ler en voz alta. Volvemos insistir niso, cando os pais len contos aos seus fillos en voz alta xeran un vínculo emocional á vez que estimulan a súa atención e imaxinación, aumentan as súas habilidades expresivas e o seu dominio da linguaxe. Ademais, é importante que os pais utilicen a entoación adecuada e mesmo xestos para que os nenos identifiquen as palabras e as relacións con obxectos.



2. Relacionar imaxes con palabras. Unha sinxela actividade que consiste en crear fichas con imaxes de animais, plantas ou outros obxectos, así como outras cos seus respectivos nomes. Unha vez elaboradas as tarxetas, o pequeno terá que ler a palabra para, a continuación, buscar a imaxe correspondente. Este exercicio, repetido con certa frecuencia, logrará que os nenos aumenten a fluidez lectora.



3. Formar palabras coas letras exactas. Neste caso, os pais terán que crear fichas de letras para formar palabras. Primeiro deben xerar as sílabas e pronuncialas en voz alta co obxectivo de facilitar aos nenos a identificación da palabra. Deste xeito, aumentará a concentración dos menores e a súa curiosidade por descubrir o enigma, á vez que aprenden a ler.

4. Cantar. Unha parte básica da aprendizaxe baséase no reforzo do ensino mediante o entretemento. Unha boa forma de amenizar a formación é cantar; o ritmo das cancións permite aos nenos memorizar as palabras, aínda que aínda non as entendan, e co paso do tempo asimilarán e ampliarán o vocabulario da melodía. Outros dos beneficios que achega este hábito, é que os menores tamén profundan na comprensión do significado das palabras.



5. Falar sobre os libros que len. Os grandes lectores gozan falando sobre os libros que acaban de ler, por iso, para estimular as ansias de lectura dos máis pequenos, é importante comentar sobre eles. Ademais, pode ser un bo momento para recomendarlles outras lecturas.



6. Organiza unha biblioteca en casa. Está demostrado que o acceso que os nenos teñan aos libros incide no seu hábito de lectura. Por tanto, unha boa maneira para lograr que os pequenos lean, consiste en organizar unha biblioteca en casa, non fai falta que sexan moitos libros, pero si que estean sempre á súa disposición para que se converta nunha chamada á lectura. É importante que desde pequenos adquiran hábitos de lectura e gocen lendo. Dese modo pasarán de aprender a ler, a ler para aprender, fundamental para o seu desenvolvemento cognitivo e adquisición de coñecementos, imprescindibles para un bo rendemento no colexio.

LA LECTURA ES ESENCIAL PARA ESTIMULAR LA IMAGINACIÓN



<https://www.imageneseducativas.com/>



WhatsApp



604 059 719

DÚBIDAS ? *Pregunta e infórmate*

**Tabaco, alcol,
outras drogas,
condutas adictivas**

Facebook: UNIDAD ASISTENCIAL
DE DROGODEPENDENCIAS DE MONFORTE

Suxerencias e comentarios:

uad@concellodemonforte.com

Se queredes poñervos en contacto
connosco, estamos en:

UNIDADE ASISTENCIAL DE
DROGODEPENDENCIAS
SERVIZO DE PREVENCIÓN

Plaza da Estación - 17

27400—Monforte de Lemos (Lugo)

Facebook:

Unidad Asistencial de Drogodependencias
Monforte de Lemos

TLF. 982 40 04 95



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



UAD

UNIDADE ASISTENCIAL
DE DROGODEPENDENCIAS
MONFORTE DE LEMOS

Pero LER, da forma que sexa, non só é beneficioso para os nenos, aos adultos tamén lle achegan uns beneficios psicolóxicos importantes, como os que veremos no próximo boletín.

